

PRANTO DA FROUXEIRA

A min chaman Teodomira,
señora do gran tesouro,
por estrela esclarecida
xago neste Valedouro

- 5 O vilán que me vendeu
máis que un mouro foi traidor
que de Lugo a Ribadeu
todos me tiñan temor

- De min a triste Frouseira
10 que por treizón son vendida,
derribada na ribeira
ca xamais se veu vencida.

- Per treizón tamén vendido
Jesús, noso Redentor,
15 e por aquestes treidores,
Pero Pardo, meu Señor.

- Vinte e dous foron chamados
os que vendido o han
non por fame de sustento
20 de carne viño nin pan.

Eles quedan por tredores
e seu amo por leal
pois os Reis a súa filla
súas terras mandan dar.

- 25 A Deus daran conta delo
que lles queira perdoar
co que acabou a Frouseira
e a vida do Mariscal

SONETO DE MONTERREI

Alá en Monterrei en Val de Laça,
a Violante vi beira de un río
tan fermosa, en verdá, que quedei frío
de ver alma inmortal en mortal maça.
De un alto e lindo corpo a seda laça
a pastora sacaba fío a fío,
quando lle dise: - “Morro, corta o fío”
- “Vólveo, non cortarei, seguro pasa”.
- “¿E como pasarei, se eu acá quedo?”
Se pasar –respondí- non vou seguro
que este corpo, sen alma, morra cedo”.
- “Coa miña, que levas, te aseguro
que non morras pastor” – “Pastora hei medo;
o quedar me parece máis seguro.

Anónimo, 1530-
1540

Isabel de Castro de Andrade (Pontedeume, ca. 1528 - 1582) foi a filla máis nova do IV Conde de Lemos, Fernando Ruíz de Castro Osorio e Portugal (1505 - 1575) e Condesa de Altamira, por matrimonio en 1555 con Rodrigo de Moscoso Osorio, V Conde de Altamira.

Trátase da **primeira escritora galega coñecida** cuxa única obra en galego - tamén é autora de versos en castelán - é un soneto na honra de Alonso de Ercilla, escrito en 1578 con motivo da publicación da segunda parte de *La Araucana*.

O soneto, que se reproduce a continuación, a partir da versión da colección A Nosa Literatura, da editorial A Nosa Terra, é un dos escasos exemplos coñecidos de literatura galega culta durante os Séculos Escuros (XVI - XVII).

SONETO DE DOÑA ISABEL DE CASTRO Y ANDRADE
A DON ALONSO DE ERCILLA

*Aracana naçon, máis venturosa,
máis que quantas hoxe ha de gloria dina,
pois na prosperidade e na ruína
sempre envexadas estás, nunca envexosa.*

*Se enresta o ilustre Afonso a temerosa
lança, se arranca a espada que fulmina,
creio que xulgareis que determina
só o conquistar a terra belicosa.*

*Faraa, mais não temais essa mao forte,
que, se vos tira a liberdade e a vida,
ela vos pagará ben largamente.*

En 1611 falecía a raíña Margarida de Austria. Un ano despois imprimíase na Coruña un libro de poemas no seu honor. Un texto que incluía únicamente dous textos en galego. Un par sonetos barrocos que tratan o tema da morte desde distintos puntos de vista. Referímonos ao «Soneto gallego» de Pedro Vázquez de Neyra e ao «Soneto con falda» de Xoán Gómez Tonel, dous textos con moitas reminiscencias cultas plenamente encadrables no Barroco.

SONETO CON FALDA DE GÓMEZ TONEL

As estrofas iniciais da composición, cargadas de referencias cultas e citas de autores clásicos da altura de Homero, Cicerón, Juvenal, Plutarco e Eurípides e a perfección formal dos versos que asina, obríganos, ademais. a supoñerlle unha sólida formación humanística. O texto é o que segue:

Turbas corran as Agoas, poña luto
o Ayre denso, en merancia tanta
queyme o Fogo a Terra, que sin pranta
negue ao fortune ano seu tributo,
Mentras a Porçia do Philippo Bruto
en os ombros da fama sacrosanta
se yrgue á o Ceo, que sua gloria canta
collendo en fror, ojá maduro fruto.
Perdeu, marrando tan ditosa vida
a Humildá, preçó; a Piadade, Tempro
(que derrubou ó Morte tua Gadaña);
O Mundo Reyna, o Rey sua Margarida,
a Fe colúa, a Virtud, enxemplo
a pedra (cujo engaste foy) España.
Chore nosa Montaña,
do gando, leyte e novidade espida,
semellando as Abellas no exemplo
. Que si sua Margarida
, Reyna, preçó, colúa, Pedra,
perden Rey, Mundo, Fe, Virtud, España
tu que tal perda viche

o magoada Galizia que perdiche?

Gómez Tonel

RESPICE FINEM

SONETO GALLEGO/SONETO DE VAZQUEZ DE NEYRA

Morte cruel esa tredora maña
de roubar de non cato á humana vida
conque ollos á podeche ber comprida
na santa REINA que oge perde España?
Se aquel rancor que te carcome e laña
che tiña á mao para matar erguida,
non deras noutra parte esa ferida
donde no fora á lastima tamaña?
Non se torçera aquel fatal costume
y á ley que yguala do morrer na sorte,
os altos Reis, co os baixos labradores?
Terrible en fin ę teu poder, oh Morte,
pois diante de ti Reis, ę señores
son neboa, sobra, poo, son bento e fume.

Vázquez de Neyra Décimas ao Apóstolo Santiago de Martín Torrado (XVII)

DÉCIMAS AO APÓSTOLO SANTIAGO. MARTÍN TORRADO

Santo da barba dourada,
vello honrado, meu patrón,
raio, fillo do trebón,
capitán de roxa espada,
señor da cruz colorada,
valente e forte guerreiro
quen todo o mundo enteiro
polo mar e pola terra,
chama, na paz e na guerra,
Sant-lago o cabaleiro.
Eu, meu santo, oín agora
ao crego desta maneira:
que vos dan por compañeira
unha santa, gran doutora.
¡Vállame Nosa Señora!
Ende, ¿vós non bastás sóo
para desfacer en póo
cantos mouros e xudeus
houber contra a fe de Deus?
Decíao el meu abóo.
¿Elo é que non podés?
Eu non sei como isto sexa,
ou debe ser de envexa
do ben que a España facés.
Eu non vin tal entremés:
que a un crego lle fagan ter
unha freira por muller.
¡Arreda, vai Satanás!
Santo, vós, se casás,
dais ao mundo en que entender.
Ora, pese a tal, comigo,

non vos deran por compadre
a San Lourenzo, ou ao padre
San Vincenzo, ou San Domingo;
en tal preito non delingo.
E a nosa Santa Tereixa,
¿Non ha te-la mesma queixa,
pois vola dan por muller
sen preguntar se ela quer,
se ela toma ou se ela deixa?
Meu santo, agora digo eu,
con perdón, se a min mo dá:
a xente da miña la,
¿onde ha de ir ao xubileo?
non ha de faltar un xudeu
que nos diga que ninguén,
sen ir a Xerusalén,
nestas vosas estacións
non pode gañar perdóns
por Xesús de Nazarén.
En fin, eu xa teño dito
que acho de vende-los bois
e ir a Roma despois
ao Padre Santo bendito
e ao noso señor o Rei,
que manden pór unha lei
que sexas, pois é inxusticia,
patrón só da milicia
de España contra Mafoma,
mentres for San Pedro en Roma,
vós, Sant-Iago, en Galicia.